



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO PROXECTO “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE” E INICIO EXPTE. CONTRATACIÓN NÚM. 3008/2024

Logo de ver o proxecto da obra segundo o proxecto “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE” redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, I.V.E. do 21% 16.535,58 euros, totalizando un orzamento base de execución por contrata de 95.276,43 euros, e cun prazo de execución de catro meses.

Logo de ver a acta de reformulo previo á súa aprobación expedida polo arquitecto técnico municipal na data de 21-08-2024, e de ver o disposto no art. 231 LCSP 2017, o cal establece que “la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica”, o proxecto redactado incorpora todos os requisitos esixidos, definindo con precisión o obxecto do contrato, incorporando as prescricións técnicas necesarias, así como as autorizacións sectoriais preceptivas e o informe do técnico redactor do proxecto.

Logo de ver o informe da técnica de Medio Ambiente de data 06-11-2023, o informe a do concelleiro delegado de Medio Ambiente de data 07-02-2024 e a memoria desta alcaldía de data 07-02-2024, considérase xustificada a necesidade da execución sen demora das obras “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”, para evitar a actual que evidencia un problema medio ambiental e sanitario de natureza moi grave que vén afectando á zona do Conchido dende fai anos, cando menos dende o ano 2018. O informe do arquitecto técnico indica que se precisa a execución dunha rede separativa de recollida de augas pluviais e de saneamento, cos respectivos pozos de rexistro e sumidoiros necesarios, canalizando as augas pluviais ata o leito fluvial que discorre entre ambos concellos, o de Boiro e o da Pobra, para poder solucionar esta problemática. A día de hoxe resulta urxente acometer a obra recollida no proxecto Reforma Integral do Camiño Real. Fase III, os riscos para a saúde das persoas que alí residen ou que fan uso da praia, tanto lúdico como con fins profesionais (pesca, marisqueo, etc.), os riscos para o medio ambiente e os bancos marisqueiros próximos, non poden prorrogarse por máis tempo, é imprescindible darlle solución de maneira inmediata. Resulta evidente o grave empeoramento da situación, pois pasouse de episodios illados a practicamente continuos, producíndose vertidos cada vez que as precipitacións acadan certa intensidade, por todo o anterior o Concello de A Pobra do Caramiñal non conta con persoal nin medios técnicos precisos para a súa execución e precísase contratar a unha empresa suficientemente capacitada para a súa execución, sendo a actuación que se pretende contratar adecuada ao fin perseguido.





A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Logo de ver o disposto no art. 21.1.o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cal atribúe á Alcaldía a competencia para “La aprobación de los proyectos de obras y de servicios cuando sea competente para su contratación o concesión y estén previstos en el presupuesto”..

A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 78.740,85 euros, sendo inferior ao 10% dos recursos ordinarios do vixente Orzamento Municipal de 2024, polo que o órgano competente para a aprobación do proxecto será o Alcalde.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE” redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, I.V.E. do 21% 16.535,58 euros, totalizando un orzamento base de execución por contrata de 95.276,43 euros, e cun prazo de execución de catro meses.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación para adxudicar a obra “REFORMA INTEGRAL DO CAMIÑO REAL. III FASE”, expediente núm. 3008/2024, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. Andrés Fernández Fuentes, COATIE núm. 1641, en xullo de 2024, cun valor estimado de 78.740,85 euros, cun prazo de execución de catro meses, polo procedemento aberto simplificado abreviado, previsto no art. 159.6 da LCSP, empregando os pregos da Deputación Provincial para este tipo de procedemento, sen división en lotes, segundo consta xustificado nos informes técnicos que obran no expediente.

Terceiro.- Dar conta ao técnico de Administración Xeral para que se complete o expediente cos pregos de cláusulas administrativas particulares, o seu informe como xefe da dependencia de contratación, e dar conta á Intervención Municipal e ordenar que se expida a retención de crédito precisa para a súa contratación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

José Carlos Vidal Suárez

O secretario
(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2
do RD. 128/2018)

Adrián J. Márquez Caramés

